

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN LABACA NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ESCOLA DE SEGUNDA OPORTUNIDADE PARA MENORES DOS CENTROS CONCEPCIÓN ARENAL E CIEMA CORUÑA E DE SOPORTE Á AUTONOMÍA DE PERSOAS MOZAS QUE REMATAN O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO EN CENTROS DE REEDUCACIÓN.

No lugar e data da súa sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en nome e representación desta, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e segundo o Decreto 124/2022, do 23 de xuño polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

E doutra, Don Abraham Piñeiro Rodríguez, con DNI 53161083X, xerente da Fundación Labaca, con domicilio social na rúa Parrote, número 1, da Coruña e CIF G15068596, en nome e representación da dita fundación en virtude das facultades que lle confire o poder notarial outorgado ante o notario da Coruña, don Jacobo Esteban Pérez Rama o día 10 de marzo do 2020, con número trescentos oitenta.

Ambas as dúas partes, con capacidade xurídica bastante e os representantes con poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar as súas representadas,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

A Consellería de Política Social e Xuventude, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 14.1.b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, que exerce a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.



SEGUNDO

O artigo 55 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, dispón que toda a actividade dos centros nos que se executen medidas de internamento estará inspirada polo principio de que a persoa menor internada é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade. En consecuencia, a vida no centro debe tomar como referencia a vida en liberdade favorecendo a colaboración e participación de entidades públicas e privadas no proceso de integración social.

TERCEIRO

Que a Fundación Labaca, constituída en virtude de escritura pública outorgada o 21 de xuño de 1916, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 1913/1 o 26 de febreiro de 2020 e no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-7325, transferida á Xunta de Galicia en virtude do Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación e adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, segundo consta na Orde do 12 de novembro de 2020, en relación coa orde de 12 do xuño de 2019 é unha organización constituída sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolve principalmente as súas actividades e ten o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma.

CUARTO

Que ambas as dúas partes consideran prioritaria a inserción social e laboral das persoas menores e mozas en situación de exclusión social a través da formación educativa como vehículo para a súa integración social e están interesadas en cooperar no desenvolvemento do *programa Escola de segunda oportunidade* que leva a cabo a Fundación Labaca destinado a promover a educación e a formación das persoas menores internas nos centros Concepción Arenal e CIEMA da Coruña, como mecanismo de loita contra a exclusión e a apoiar a persoas mozas que, unha vez finalizado o cumprimento dunha medida de internamento en calquera destes centros inician a execución dunha medida non privativa de liberdade e residan na cidade da Coruña, co fin de favorecer a súa emancipación na súa transición cara á vida adulta.

QUINTO

A Consellería de Política Social e Xuventude considera de especial importancia favorecer a intervención que vén desenvolvendo a Fundación Labaca, co fin de levar a cabo a súa labor social a través da concesión directa dunha subvención destinada aos gastos do proxecto.

De acordo co establecido no artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os proxectos financiados teñen por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social en canto vai destinado a satisfacer as necesidades inherentes á inserción socio laboral de persoas mozas.

Así mesmo o artigo 19.4 c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.



Do mesmo xeito, o artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co artigo 55 do mesmo texto legal, habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

A Escola de Segunda Oportunidade, ofrece unha resposta á necesidade educativa e social xerada por persoas mozas que transitaron pola escolarización ordinaria obrigatoria sen alcanzar os resultados esixidos. Trátase dun modelo educativo baseado na cooperación entre distintos axentes sociais, no que teñen un papel destacado as empresas do tecido produtivo próximo. Nelas promóvese o traballo en rede para lograr unha integración social e persoal duradeira, mediante o desenvolvemento de competencias profesionais, básicas e socio-persoais.

As escolas de segunda oportunidade funcionan como unha vía alternativa e complementaria ao ensino regrado co obxectivo de conseguir a inserción das persoas mozas nos itinerarios académicos regrados e, ademais, alcanzar a inserción laboral destas. As escolas de segunda oportunidade son aquelas que permiten que as persoas mozas que abandonaron os estudos adquiren unha formación básica para conseguir un emprego. A idea é simple: ofrecer ás persoas mozas excluídas do sistema educativo as mellores vías de formación e o mellor marco para que adquiren confianza en si mesmas e adquiren os hábitos e condutas que son necesarios para a súa inserción sociolaboral.

No contexto xeográfico e administrativo no que se sitúa esta iniciativa, os referentes principais atópanse na Asociación Española de Escolas de Segunda Oportunidade, organismo que conta cun proceso definido do que é unha Escola de Segunda Oportunidade e as características que debe ter unha realidade educativa formal deste tipo para ser considerada como tal. Neste organismo existen actualmente realidades de: Cataluña, Comunidade Valenciana, Euskadi, Aragón, Madrid, Andalucía e Canarias, así como outros membros asociados doutros territorios do Estado español que contribúen a crear sinerxias que favorecen a mellora das respostas que se dan a esta problemática xuvenil non contando ata o de agora cun programa destas características na nosa comunidade.

Tendo en conta o carácter específico das intervencións obxecto deste programa, resulta imposible promover a concorrência para a celebración deste convenio, sendo esta entidade a única que desenvolve unha escola de segunda oportunidade en toda a Comunidade Autónoma e a única en manifestar interese en levar a cabo un programa en beneficio das persoas mozas que se encontran en situación de cumprimento de medidas de internamento no centro de reeducación Concepción Arenal e cumprimento de medidas xudiciais de medio aberto no CIEMA da Coruña.

Polo que, ambas partes deciden establecer un convenio de colaboración en base ás seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio de colaboración ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Labaca, a través dunha subvención directa a favor da dita fundación para o financiamento do proxecto que leva a cabo durante o ano 2023 dirixido para facilitar, a realización do programa Escola de segunda oportunidade, o tránsito á autonomía e a inserción socio laboral ~~des~~ de persoas mozas, de idades comprendidas entre 16 e 25 anos, que se encontren cumprindo ou finalicen medidas xudiciais nos centros de Concepción Arenal e CIEMA da Coruña, naqueles casos nos que e o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción socio laboral.

O programa da entidade non leva consigo a realización de actuacións referidas á execución das medidas xudiciais.

SEGUNDA.- Beneficiarios da actividade

Son beneficiarios das actividades do programa as persoas mozas que se encontren en situación de cumprimento de medidas de internamento no centro de reeducación Concepción Arenal e cumprimento de medidas no CIEMA da Coruña e se incorporen ao programa de *Escola de segunda oportunidade*.

Así mesmo, son beneficiarios do programa, aquelas persoas mozas entre 16 e 25 anos, que unha vez finalizado o internamento nos centros de reeducación Concepción Arenal e CIEMA da Coruña inician o cumprimento dunha medida non privativa de liberdade contemplada non artigo 7 da Lei orgánica 5/2000, residan na cidade da Coruña, están desempeñando algunha actividade laboral ou formativa, e non contan cun soporte familiar, ou o seu entorno socio familiar de referencia é prexudicial par os fins de reinserción social e se incorporen, así mesmo, ao devandito programa .

En ambos os dous casos os beneficiarios están cumprindo unha medida xudicial imposta en aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro. No caso dos maiores de idade trátase dunha medida imposta pola comisión de feitos tipificados como delito cometidos cando eran menores de idade.

TERCEIRA.- Obxectivos e actividades dos proxectos a subvencionar

1. O obxectivo é facilitar a reinserción socio laboral dos menores que cumpren unha medida xudicial no centro de internamento Concepción Arenal e no CIEMA da Coruña, a través da Escola de Segunda Oportunidade da Fundación Labaca favorecendo a súa inclusión en actividades formativas, e a inserción socio laboral de persoas mozas externadas destes centros de reeducación unha vez finalizado o internamento inician unha medida non privativa de liberdade, residan na cidade da Coruña e que non contan co soporte socio-familiar necesario.



2. Os obxetivos específicos do programa da *Escola de Segunda Oportunidade*, da Fundación Labaca, son os seguintes:

- Desenvolver accións dirixidas á adquisición de habilidades para unha vida autónoma e saudable das persoas menores que rematan a súa medida xudicial de internamento nos centros de reeducación de Concepción Arenal ou no CIEMA da Coruña.
- Favorecer a inclusión social e a estabilidade das persoas mozas que están ou estiveron cumprindo medidas xudiciais nos centros de reeducación de Concepción Arenal ou no CIEMA da Coruña.
- Mellorar o nivel formativo e a capacitación profesional as persoas mozas que están ou estiveron cumprindo medidas xudiciais nos centros de reeducación de Concepción Arenal ou no CIEMA da Coruña.
- Incentivar e fomentar unha educación cidadá e comunitaria das persoas mozas que están ou estiveron cumprindo medidas xudiciais nos centros de reeducación de Concepción Arenal ou no CIEMA da Coruña.
- Promover a elaboración individualizada dun Proxecto Vocacional de Futuro para cada alumno/a da Escola de Segunda Oportunidade.
- Desenvolver accións que favorezan a implicación e o compromiso das empresas, as cales intervirán directamente nos itinerarios dos alumnos/as da Escola de Segunda Oportunidade.
- Promocionar a propia emancipación e madurez cidadá das persoas mozas que estiveron cumprindo medidas xudiciais que participen na Escola de Segunda Oportunidade.
- Mellorar a porcentaxe de reinserción das persoas mozas que están cumprindo medidas xudiciais na Comunidade autónoma de Galicia, sendo a Escola de Segunda Oportunidade, unha ferramenta que evite o retorno a esta situación s ,tanto na vida como menores coma no seu futuro como persoas adultas.

3. Para a súa consecución, a Fundación Labaca levará a cabo o desenvolvemento dun programa de atención integral, que se estenderá máis aló do tempo de cumprimento da medida de internamento procurando a inserción laboral e educativa das persoas mozas.

Cada persoa moza terá un proxecto individual de acordo co seu perfil, necesidades e intereses. Impartiranse as aprendizaxes competenciais e de coñecemento, pero tamén se dará igual importancia á dimensión emocional e actitudinal para recuperar a autoestima destas persoas.

A maiores do dito programa, a Fundación Labaca conta cun recurso de vivenda, autofinanciado pola propia fundación, para que as persoas mozas os mozos/as poidan residir desde a a súa saída do centro de menores, servindo este domicilio como centro de acollida e seguimento da persoa moza durante o seu proceso de inserción.



CUARTA.- Compromisos da Fundación Labaca

No desenvolvemento do programa a Fundación Labaca comprométese a levar a cabo os obxectivos e actividades sinalados na cláusula terceira e ademais a:

1. Designar un responsable da execución do programa, que levará a cabo as actuacións necesarias para o cumprimento do convenio.

2. Informar á Consellería de Política Social e Xuventude e aos centros Concepción Arenal e CIEMA da Coruña das altas e baixas no programa daquelas persoas mozas entre 16 e 25 anos beneficiarias do programa.

3. Para poder ser beneficiaria da axuda, a entidade deberá cumprir **os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007**, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a seguir se relacionan:

a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

B) non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme ao Real decreto lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que a entidade beneficiaria fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a entidade beneficiaria, os seus administradores ou aqueles que ostenten a súa representación legal en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. A entidade debe cumprir, ademais, coas **obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007**, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:



- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar á Consellería de Política Social e Xuventude, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.
- e) O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da entidade beneficiaria. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007.
- f) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao proxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA.- Medios persoais

A entidade conta cunha persoa coa categoría de educadora/a que realizará unha avaliación previa das persoas mozas dentificando en cada caso as súas necesidades e desenvolvendo un programa específico para promover a súa integración no ensino regrado, ou ben, de ser o caso, promover a súa integración laboral. O dito profesional non intervéñ na execución da medida xudicial.

SEXTA.- Condicións económicas

Para a execución das actividades a subvencionar e de acordo co establecido no artigo 21.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de



xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería con competencias en materia de Política Social achegará á Fundación Labaca, a cantidade de dezanove mil novecentos noventa e nove con cincuenta e cinco euros (19.999,55€), con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 na que existe crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio, gastos que deberán xustificarse de forma apropiada de acordo coas súas cláusulas.

As ditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo e que de xeito indubidable se destinen á realización do proxecto obxecto do convenio. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada no convenio non varíe.

Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 62 do Regulamento de desenvolvemento da dita lei, o pagamento da contía referida deste convenio farase do seguinte xeito:

- Ata o 80% do total concedido (15.999,64€) poderase facer efectivo mediante pagos parciais a conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique a realización da actividade e os gastos e pagos realizados.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías ás que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4 f) do dito decreto.

- O 20% restante (3.999,91€) pagarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A dita xustificación farase coa achega da seguinte documentación:

Certificación, expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá:

- Relación de facturas.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior.

- Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu xustificante de pagamento e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).

- Xustificante de pagamento dos gastos realizados e pagados segundo o establecido no parágrafo 2º do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta documentación non será esixible para aqueles gastos realizados no derradeiro mes de vixencia do convenio, cuxo pagamento efectivo sexa imposible dentro do prazo de xustificación por causas non imputables á Fundación Labaca. Nestes casos será suficiente coa presentación das facturas devindicadas no período, conforme ao indicado na liña anterior, sen prexuízo do sometemento ás actuacións de comprobación e control posteriores.



A achega de documentos axustarase ao establecido no artigo 28 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, na que se recolla as actuacións levadas a cabo pola Fundación Labaca en relación coas actividades obxecto da concesión da subvención a través do convenio, con indicación das persoas ou familias participantes.

- Declaración responsable de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

No momento da xustificación da execución total do proxecto e en calquera caso antes do derradeiro pagamento, a Fundación Labaca achegará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos ou entes.

De conformidade co disposto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establécese como data límite do prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio o 10 de decembro de 2023.

SÉTIMA.- Compatibilidade

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Co importe da axuda previstas neste convenio en ningún caso se poderá superar o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria da subvención, sexa illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

OITAVA.- Xustificación e control

A Fundación Labaca someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Xuventude poida levar a cabo para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins do convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e 14.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Fundación Labaca deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



NOVENA.- Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMA.- Seguimento



Para o seguimento deste convenio de colaboración se crearase unha Comisión Mixta de Seguimento que terá como funcións velar polo cumprimento do que nel se establece, tratar de resolver as cuestións que xurdan durante a súa execución, así como avaliar o seu funcionamento e eficacia.

Esta comisión, presidida pola representante da administración, estará integrada por:

- A persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa que a supla de acordo co establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.
- O presidente da Fundación Labaca ou persoa que o supla de conformidade cos seus estatutos.

A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Contará con voz pero non voto.

A comisión reunirase polo menos dúas veces ao ano; unha tras a sinatura deste convenio e outra tras a remisión da memoria anual. Ademais reunirase tantas veces como sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

A dita comisión réxese polo establecido neste convenio e polas previsións que para os órganos colexiados se conteñen na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Este convenio será obxecto de publicidade de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Convenios, de conformidade co Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A Fundación Labaca terá a obriga de subministrarlle á Consellería de Política Social e Xuventude toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de acordo co disposto no artigo 4 da dita lei.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración terá unha duración dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2023.



DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución e efectos

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza xurídica e cuestións litixiosas

1. O presente convenio de colaboración terá carácter administrativo e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014.

As cuestións litixiosas que xurdan da súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou, se o acto no o fose, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



DÉCIMO CUARTA.- Publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A Fundación Labaca terá a obriga de subministrarlle á Consellería toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de acordo co disposto no artigo 4 da dita lei.

De conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, no lugar indicado e na data da súa sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

O XERENTE DA FUNDACIÓN
LABACA

Fabiola García Martínez

Abraham Piñeiro Rodríguez





Anexo

DESAGREGACIÓN DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES OBXECTO DO CONVENIO			
Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Seguridade Social	Total
Licenciado	10.915,61 €	3.472,66 €	14.388,27 €
Educador Social	4.249,36 €	1.361,92 €	4.834,58 €
TOTAL			19.999,55 €

